

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

**PROGRAMACIÓN
ECONOMÍA DA
EMPRESA**

2º BACHARELATO

2018-2019

MARÍA CASAL FERNÁNDEZ

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Contextualización	4
3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	5
4. Obxectivos da materia de economía de empresa.....	6
5. Contribución das materias ao logro das competencias clave	7
6. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliados: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave	10
7. Estándares de aprendizaxe avaliados: estándares avaliados, temporalización e instrumentos de avaliación	24
8. Criterios de cualificación	31
8.1. Actividades de recuperación	31
8.2. Avaliación de materias pendentes	33
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente ..	33
9.1. Indicadores de planificación	33
9.2. Indicadores de motivación do alumnado.....	34
9.3. Indicadores de desenvolvemento do ensino	34
9.4. Indicadores de seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe.....	34
10. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	35
11. Medidas de atención a diversidade	35
12. Concreción dos elementos transversais	36
12.1 Tratamento do fomento da lectura	36
12.2 Tratamento do fomento das TICs.....	38
13. Materiais e recursos didácticos.....	38
14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento.....	40
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación	40

1. INTRODUCCIÓN

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a

especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballáranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisións de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura

duns resultados.

A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O departamento de Economía do IES Campo de San Alberto está formado por unha única profesora, María Casal Fernández, Xefa de Departamento e impartindo clase de Economía de Empresa en 2º de bacharelato.

Hai un único grupo formado por 14 alumnos. A materia ten asignadas 4 horas semanais. Neste curso 2018/19 o total de horas lectivas é aproximadamente de 118, que se temporalizan no epígrafe 7.

O equipamento e os servizos do Centro son:

Biblioteca dotada de libros de consulta e lectura.

Aula de informática equipada con ordenadores con acceso a Internet. Departamento de orientación.

Cafetería.

Accesibilidade para alumnado con minusvalía.

A normativa que se tivo en conta para elaborar esta programación foi a seguinte:

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/2019 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Tal e como se recolle no artigo 26 do Decreto 86/2015, de 25 de xuño, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

4. OBXECTIVOS DA MATERIA DE ECONOMÍA DE EMPRESA

A materia de Economía de Empresa profundiza e desenvolve os coñecementos adquiridos en 1º de bacharelato na materia de Economía.

Os obxectivos desta materia son os concretados seguidamente:

1. Analizar as características máis relevantes, e o funcionamento global dos distintos tipos de empresa, identificando as súas funcións, obxectivos, organización, a investigación, o papel das innovacións tecnolóxicas e as principais normas xurídicas que lles afectan.
2. Apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades das persoas consumidoras e no aumento da calidade de vida e benestar da sociedade, así como elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións.
3. Valorar criticamente as posibles consecuencias sociais e medioambientais da actividade empresarial, así como a súa responsabilidade no esgotamento dos recursos naturais, sinalando a súa repercusión na calidade de vida das persoas.
4. Identificar as consecuencias que, para as empresas e a sociedade, ten a globalización da economía, e as posibles liñas de conduta que se deben adoptar fronte ó fenómeno, adquirindo conciencia das desigualdades e efectos que o mesmo xera.
5. Identificar os dereitos e obrigas dos traballadores e das traballadoras, valorando as necesidades que estes colectivos e a sociedade teñen de acadar un elevado grao de conciliación da vida laboral e familiar.
6. Valorar a importancia da seguridade e hixiene no traballo, e da prevención dos riscos laborais.
7. Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.
8. Analizar as distintas políticas de marketing que adoptan as empresas segundo os mercados aos que se dirixen, valorando os límites éticos que ditas políticas deben considerar.
9. Establecer, de modo xeral, os datos máis relevantes da información contida nas

contas anuais dunha empresa, e interpretar a información transmitida.

10. Identificar as principais fontes de financiamento das empresas analizando as diferentes opcións posibles.
11. Utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, e outros medios; obter, seleccionar, e comprender de maneira clara e coherente informacións sobre feitos relevantes do ámbito empresarial internacional, nacional e local, facendo unha valoración crítica das mesmas.
12. Amosar iniciativa, creatividade, autonomía persoal e participación activa no deseño, planificación e elaboración, dun pequeno proxecto empresarial, utilizando para a súa elaboración de medios informáticos.
13. Analizar a actividade económica das empresas, en especial as galegas, a partires das súas áreas de organización, relacións internas e a súa dependencia externa, valorando a importancia que para a economía de Galicia teñen as pequenas e medianas empresas.

5. CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.
- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- g) Conciencia e expresións culturais.

O carácter integrador da materia de Economía fai que a súa aprendizaxe contribúa á adquisición das competencias básicas:

- Promove a competencia matemática mediante a realización de cálculos para a determinación de magnitudes macroeconómicas e microeconómicas, así como o uso de algoritmos e estratexias de cálculo. Achega, ademais, aos estudos estatísticos, as táboas e os gráficos como instrumentos básicos para interpretar a realidade económica, en especial a de Galicia, achegar posibles solucións e alternativas e predicir comportamentos futuros. O cálculo de probabilidades facilita a realización de análises de mercado e de

diferentes variables económicas, así como a extrapolación de determinadas tendencias que se aprecian nos comportamentos das economías dos países das distintas áreas económicas a nivel mundial.

- Permite unha visión máis ampla e detallada da sociedade actual que axudará aos alumnos a desenvolver a competencia social e cívica desde unha actitude reflexiva e consciente, ao facilitarlles a comprensión de problemas tales como a inflación, o desemprego, o esgotamento dos recursos naturais, o subdesenvolvemento, o consumismo, a distribución da renda, as consecuencias da globalización etc. Xoga, ademais, un papel central na configuración de valores e actitudes, de forma especial aqueles relacionados coa solidariedade entre persoas, grupos e pobos; a actitude crítica ante as desigualdades económicas; a importancia da conservación do medio natural para a calidade de vida, en concreto en Galicia etc.

Contribúe ao desenvolvemento da comunicación lingüística, ao promover o desenvolvemento das catro grandes habilidades: falar, escoitar, ler e escribir. A materia esixe exercitarse na lectura, a escoita, a exposición e a argumentación. Por outra banda, a comunicación de coñecementos, ideas e opinións, imprescindibles para lograr os obxectivos desta materia, ao utilizar tanto a linguaxe verbal como a escrita, a valoración crítica das mensaxes explícitas e implícitas en fontes diversas e, particularmente, na publicidade e nos medios de comunicación, tamén axudan á adquisición da competencia. Igualmente, o coñecemento e o uso de termos e conceptos propios da análise do socioeconómico, posibilitan o enriquecemento do vocabulario e estimulan a representación mental que esixe o desenvolvemento do pensamento lóxicoformal.

- A achega á competencia dixital vén dada pola importancia que ten, na comprensión e análise de datos de carácter económico, contar con destrezas relativas á obtención, comprensión e interpretación de información, elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da materia. Contribúese, de xeito particular, na busca, obtención e tratamento de información procedente da observación directa e indirecta da realidade, así como de fontes escritas, gráficas, audiovisuais, tanto se utilizan como soporte o papel coma se foron obtidas mediante as tecnoloxías da

información e a comunicación. A análise de datos e variables económicas, mediante táboas, gráficas, estatísticas etc. e a utilización de instrumentos informáticos para a elaboración de informacións económicas, estimula esta competencia.

- A competencia para aprender a aprender supón posuír ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e fenómenos económicos e saber prever e adaptarse aos cambios e crises que se producen cunha visión positiva. A todo isto contribúese, desde as posibilidades que ofrece para aplicar razoamentos de distinto tipo, ao buscar explicacións multicausais e predicir efectos dos fenómenos económicos; proporciona coñecementos das fontes de información e da súa utilización mediante a recollida e clasificación da información obtida por diversos medios, sempre que se realice unha análise desta. Tamén contribúe despois de que se favorece o desenvolvemento de estratexias para pensar, para organizar, memorizar e analizar informacións de carácter económico.

6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. A EMPRESA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A empresa e o/a empresario/a. ▪ B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. ▪ B1.3. Clases de empresas. ▪ B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
			desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Contorno da empresa. ▪ B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa. ▪ B1.7. Funcionamento e creación de valor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. ▪ EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
BLOQUE 2. DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Localización e dimensión empresarial. ▪ B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado. ▪ B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía. ▪ B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía. ▪ B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. 	<p>en consideración as características do marco global en que actúan.</p>	<p>transcendencia futura para a empresa desas decisións.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CMCCT
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relación coa capacidade para competir de xeito global. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC

BLOQUE 3. ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DA EMPRESA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual. ▪ B3.2. Funcións básicas da dirección. ▪ B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas. ▪ B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura. ▪ B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación. ▪ B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			(aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.	

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
BLOQUE 4. A FUNCIÓN PRODUTIVA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Produción e proceso produtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Analizar procesos produtivos desde 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia ▪ B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. 	

	<p>clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial.</p>		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa. ▪ B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>representa os graficamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. ▪ EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. ▪ EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. ▪ EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CSIEE

BLOQUE 5. A FUNCIÓN COMERCIAL DA EMPRESA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Departamento comercial da empresa ▪ B5.2. Concepto e clases de mercado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Técnicas de investigación de mercados. ▪ B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados. ▪ B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. ▪ B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial. ▪ B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. 	<p>márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.</p>	<p>exemplo, o número de competidores e o produto vendido.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.7. Describe 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
BLOQUE 6. A INFORMACIÓN NA EMPRESA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Obrigas contables da empresa. ▪ B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración. ▪ B6.3. Resultados da empresa. ▪ B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel. ▪ B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. ▪ EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CMCCT

	<ul style="list-style-type: none"> B6.6. Análise e interpretación da información contable. 		<ul style="list-style-type: none"> EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD
			<ul style="list-style-type: none"> EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.1.10. Identifica, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

BLOQUE 7. A FUNCIÓN FINANCEIRA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa. ▪ B7.2. Concepto e clases de investimento. ▪ B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento. ▪ B7.4. Fontes de financiamento 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoara elección máis 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. ▪ EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CMCCT
Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.5. Ciclos da empresa. ▪ B7.6. Período medio de maduración. 	axeitada.	<p>(prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT

		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE

		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CD
--	--	--	--

7. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

BLOQUE 1. A EMPRESA.

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	-1 sesión	-Proba escrita. -Observación directa.

EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

BLOQUE 2. DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	-1 sesión	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.	-1 sesión	-Observación directa.

BLOQUE 3. ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DA EMPRESA

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.	- 1 sesión	-Observación directa.
EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.	- 1 sesión	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.	- 2 sesións	- Proba escrita. - Observación directa.

BLOQUE 4. A FUNCIÓN PRODUTIVA.

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.	-2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.	- 1 sesión	-Observación directa.
EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.	- 2 sesións	- Proba escrita. - Observación directa.
EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

BLOQUE 5. A FUNCIÓN COMERCIAL DA EMPRESA

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques demárketing.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	- 2 sesións	- Proba escrita. - Observación directa.
EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	- 2 sesións	- Proba escrita. - Observación directa.

BLOQUE 6. A INFORMACIÓN NA EMPRESA

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACION	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.	- 3 sesións	- Proba escrita. - Observación directa.
EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.	- 3 sesións	- Proba escrita. - Observación directa.
EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.	- 1 sesión	- Proba escrita. - Observación directa.
EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de rateos.	- 3 sesións	- Proba escrita. - Observación directa.
EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.	- 2 sesións	- Proba escrita. - Observación directa.
EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.	- 1 sesión	- Observación directa.
EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.	- 2 sesións	- Proba escrita. - Observación directa.
EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.	- 1 sesión	- Observación directa.
EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.	- 2 sesións	- Proba escrita. - Observación directa.

EEB61.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	- 1 sesión	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.	- 1 sesións	-Observación directa.

BLOQUE 7. A FUNCIÓN FINANCIERA

ESTANDARES AVALIABLES	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACION
EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.	- 1 sesión	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	- 1 sesión	-Observación directa.
EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.	- 1 sesión	-Observación directa.
EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	- 2 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.
EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	- 3 sesións	-Proba escrita. -Observación directa.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación da aprendizaxe farase en función dos seguintes instrumentos:

1) Probas escritas

Estas probas permiten valorar e calificar os coñecementos do alumnado, así coma o proceso de aprendizaxe. Este instrumento suporá unha porcentaxe do 90% da nota da avaliación. En función da natureza dos temas explicados, as probas escritas axustanse o modelo e criterios de cualificación das probas de selectividade espentando a mesma estrutura (unha parte teórica e outra práctica).

2) O traballo diario na aula, tanto de forma individual coma en grupo. Este criterio suporá unha ponderación dun 10% sobre a nota da avaliación, considerándose neste aspecto a interese do alumno, a súa participación, a toma de apuntes a realización de actividades propostas para a aula, as técnicas de investigacións aplicadas na resolución das actividades.

A nota de cada avaliación será o resultado de aplicar as anteriores ponderacións. No caso que o resultado obtido non sexa número enteiro teranse en conta dous decimais na avaliación final. Non se fará nota media no caso de que o alumno ou alumna obteña nalgunha das probas escritas unha calificación inferior a 4.

Considerárase aprobado/a o alumno/a que acade unha nota igual ou maior a 5.

A nota final de xuño será aproximadamente a nota media das tres avaliacións, se ben se terá en conta a evolución, positiva ou negativa, do alumno ó longo do curso, tendo

presente o principio de avaliación continua.

8.1.- Actividades de recuperación

Se o suspenso ven determinado por un elemento de observación directa, e nas seguintes avaliacións prodúcese un cambio favorable nos hábitos e traballos realizados, implicará a recuperación da primeira ou segunda avaliacións.

Se o suspenso estivera motivado por probas escritas, realizarán outra proba escrita de cada avaliación cuíus contidos estarán en función das deficiencias atopadas na maioría dos suspensos. Para superala é necesario obter una nota mínima de 5, a máxima nota dos exames de recuperación será u 6

Os alumnos que suspendan en xuño e teñan que recuperar en setembro estarán sometidos ós seguintes criterios:

- Unha proba escrita sobre os contidos mínimos explicados ó longo do curso cunha ponderación non inferior ó 90%. Nesta proba será necesaria unha puntuación mínima de 6 para aprobala.
- Realización dun plan de recuperación composto por actividades, problemas, comentarios de texto, etc. e que poderá supor ata un 10% da nota de setembro.

Tendo en conta todo o anterior, considerárase aprobado/a o alumno/a que obteña unha nota igual ou superior a 5.

8.2.- Avaliación de materias pendentes

Para o alumnado pendente celebraranse dous exames durante o curso, o primeiro no mes de xaneiro e o segundo a finais do mes de abril. Se o alumno non recupera deberá presentarse a un exame único e final para pendentes a mediados do mes de maio. O exame terá as mesmas esixencias que o celebrado no mes de setembro.

O departamento dispón dunha titoría de atención ó alumnado na que a profesora estará a disposición para aquelas consultas que se desexen realizar.

Ademáis durante o curso o alumnado coa asignatura pendente recibirá material e exercicios para traballar e prepararse antes dos respectivos exames de recuperación. Asimesmo dispónse de material preciso para reforzo educativo de todo o alumnado que o necesite, como son resúmenes, esquemas, actividades de repaso, exercicios e problemas que complementen os contidos mínimos desenvolto durante o curso académico.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

9.1.- Indicadores de planificación

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoevaluación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

9.2.- Indicadores de motivación do alumnado

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

9.3.- Indicadores de desenvolvemento do ensino

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas.
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Expón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Expón actividades grupais e individuais.

9.4.- Indicadores de seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.

7. Favorece os procesos de autoevaluación e coevaluación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

10. DESEÑO DA VALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Durante o primeiro mes de clase realizarase a avaliación inicial do alumnado que terá coma obxectivo indagar no nivel de desenvolvemento que presentan os alumnos e alumnas en relación cos contidos e capacidades da materia no currículo e que nos servirá de punto de partida para o proceso de ensino-aprendizaxe da materia de Economía de Empresa en 2º de Bacharelato.

Esta avaliación será o punto de referencia para orientar sobre a programación, a metodoloxía a empregar ou a organización da aula.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A comezos de curso realizarase unha actividade de repaso e/ou profundización de contidos vistos ata o momento e que resultan esenciais para o óptimo desenvolvemento da programación da materia (**avaliación inicial**). As cuestións plantexadas nesta actividade serán resoltas de forma individual (en base aos seus coñecementos ou consultas en libros e/ou apuntes) e posteriormente postas en común e debatidas no grupo-clase. Con esta primeira actividade preténdese ademais de repasar cuestións claves, atender ás deficiencias máis importantes que presente parte do alumnado.

Mediante a graduación na dificultade das tarefas, flexibilidade na realización dos traballos encomendados, diferenciación dos aspectos esenciais daqueles cós profundizan ou amplían, e a proposta de actividades complementarias tanto de reforzo como de profundización na materia, poderemos atender ás necesidades específicas dos alumnos e alumnas.

- a) Para aqueles alumnos que teñan problemas físicos, acústicos ou visuais, deberemos coidar esas condicións na clase evitando o murmurio, colocándoos nas primeiras filas, etc. Adaptaremos os materiais didácticos ás características psicolóxicas e sensoriais do alumnado.

Tamén facilitaremos actividades de reforzo e repaso coa programación dunha hora de atención ao alumnado. En definitiva, para estes alumnos deberemos dar prioridade aos contidos mínimos esixidos e así conseguir que pasen a materia con éxito.

- b) Tendo en conta que en clase podemos atopar con alumnos superdotados, deberemos realizar unha adaptación curricular, é dicir, deberemos propór distintas actividades adicadas ao reforzo dos contidos e ao profundamento dos mesmos, dirixido a enriquecer o currículo destes alumnos.

Neste sentido, mentres se desenvolve cada unidade didáctica, pódense ir propondo actividades resoltas, para que vaian profundando nos conceptos expostos ata ese momento e asentando os coñecementos teórico-prácticos da unidade.

Xa que non é moi usual a presenza en Bacharelato de alumnos con dificultades de aprendizaxe, nin alumnos superdotados en xeral, á hora de realizar os temas, partírase dunha estrutura base para o nivel xeral da clase, levando a cabo cando cumpra as adaptacións curriculares pertinentes.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, inclúe coma elementos transversais a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional; traballaránse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

12.1.- Tratamento do fomento da lectura

Hai que ter en conta que o alumnado terase que habituar a ler e analizar o lido para obter a información necesaria para a elaboración do seu propio proxecto emprendedor. Desde esta materia intentaránse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e

realizar inferencias a partir do lido)

- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).
-

Por tanto, no desenvolvemento da materia ó longo do curso requirirase a lectura de diverso tipo de información. A continuación amósanse as fontes de lectura máis importantes na materia:

- Artigos nos que se amosan as ideas emprendedoras de diferentes persoas con ánimo de fomentar o interese polas iniciativas emprendedoras.
- Textos legais do ámbito do dereito mercantil, fiscal e laboral.
- Noticias de prensa relacionadas co mundo dos emprendedores.
- Información de páxinas web con temática específica sobre o mundo da empresa e dos emprendedores.
- Dicionarios específicos de economía, empresa e comercio para a consulta de termos que se usan en relación coa materia na linguaxe cotiá na aula.
- Consulta de certo material en lingua inglesa (dicionarios, artigos, documentos) relacionado co mundo da empresa.
- Textos de actividade relacionadas coa materia.

Algunhas das actividades propostas poden ser:

- Lectura en voz alta por parte do alumnado de textos de actividades.
Posteriormente pódese pedir ao alumnado que interprete o texto e que faga un resumo do lido.
- Lectura en voz alta ou individualmente por parte do alumnado de contidos teóricos seguidos coa posterior explicación parte do profesor/a. Posteriormente, o alumnado podería sacar conclusións, elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar ese contidos, etc.
- Actividades de busca de información en Internet, dicionarios, prensa, etc.
Por exemplo: busca de ideas emprendedoras consultando bancos de ideas en internet; consulta de termos propios da materia en dicionarios; busca e análise de artigos relacionados co mundo de emprendemento; etc.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- Elaboración dun vocabulario específico da materia, anotando nun caderno os

termos específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso.

12.2 Tratamento do fomento das TICs

O desenvolvemento da materia ao longo do curso terá moi en conta o fomento da competencia dixital (uso das TIC) do alumnado.

Moitos dos modelos didácticos que se usarán están contemplados no plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación do centro.

A modo de exemplo amósanse algunhas das estratexias que se seguirán:

- Realización de actividades nas que o alumnado terá que buscar certa información en Internet para despois traballar con ela.
- Presentación de actividades polo alumnado usando os medios dixitais.
- Explicacións do profesor/a apoiadas coa axuda de encerado dixital.
- Presentación aos alumnos/as e a través da pantalla dixital de información de interese buscada en internet e relacionada coa materia (artigos, datos estatísticos, gráficos, plans de empresa, subvencións, etc.).
- Acceso do alumnado, na medida do posible, a moitos dos contidos e actividades do curso.
- Uso dunha folla de cálculo polo alumnado para o cálculo de estatísticas, presupostos, previsións, etc.

13. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Aula de informática.
- Artículos de prensa periódica.
- Materiais audiovisuais.
- Materiais de traballo preparado polo profesor: fichas, esquemas, etc.
- Revistas especializadas.
- Libros de consulta.
- Videos sobre temas económicos.

Traballarase con este material co fin de que os alumnos e alumnas, a través da lectura, interpretación e análise de datos obtidos das distintas fontes sexan capaces de

achegarse ós conceptos económicos e financeiros, obtendo, seleccionando, interpretando a información e tratándoa de forma autónoma. Isto permitiralles tomar decisións a partir dunha planificación rigurosa, contrastada e documentada.

13.1.Páxinas web recomendadas

- Enciclopedia e biblioteca virtual www.eumed.net
- Páxina web do Instituto Nacional de Estatística www.ine.es
- O peso na economía española dos diferentes sectores e axentes económicos: www.ine.es
- Máis exercicios e recursos en www.profes.net
- Para analizar a marcha de mercados reais: www.agroprecios.com
- Información relativa ó mercado de traballo español: www.ine.es
- Servizo público de emprego estatal: www.inem.es
- Informes interanuais das principais variables macroeconómicas: www.economyweb.com
- Portal especializado na ensinanza da economía en Bacharelato: www.ecobachillerat0.com
- Directorio especializado na información sobre o sector público na rede: www.admiweb.org
- Sínteses de indicadores do Banco de España: en www.bde.es
- Confederación Española de Caixas de Aforros: www.ceca.es
- Web de divulgación económica: www.econolandia.es
- Portal do Ministerio de Economía e Facenda: www.meh.es
- Portal do Tesouro Público: www.tesoro.es
- Portal da Comisión Nacional do Mercado de Valores: www.cnmv.es
- Páxina da Organización Mundial do Comercio: www.wto.org
- Fondo Monetario Internacional: www.imf-org
- Paxina da Unión Europea: http://europa-eu/index_es.htm
- Páxina da Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico: www.ocde.org

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO

Intentárase programar unha visita a unha empresa o máis cercana posible co obxectivo de cos alumnos apliquen os seus coñecementos a unha organización concreta. Na medida do posible a empresa visitada pertencederá o sector secundario para que permita ó alumnado analizar o seu sistema de produción e que reflexen a súa impresión sobre a realidade.

Esta visita deberá realizarse entre o segundo e o terceiro trimestre para facer posible cos alumnos e alumnas adquiren os coñecementos teóricos precisos para observar a realidade con espírito crítico.

Unha vez realizada a visita os alumnos asistentes deberán entregar unha memoria da mesma e se algún alumno non asiste entregará un traballo sobre a empresa visitada o cal conterá unha serie de puntos mínimos previamente fixados (estipularanse en función de cal sexa a empresa visitada). Tanto a memoria da visita coma o traballo alternativo valoraranse a hora de calcular a nota da avaliación.

15.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A avaliación é un compoñente básico no proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación ten que ser coherente coas características do Bachillerato, cos obxectivos formulados e coa metodoloxía utilizada.

A avaliación debe ser formativa e servirá para fomentar a reflexión e para orientar e analizar o proceso educativo; por iso, a avaliación terá que ser:

- Continua, para observar o proceso de aprendizaxe.
- Integral, para considerar tanto a adquisición de novos conceptos, como de procedementos, actitudes, capacidades de relación e comunicación e de desenvolvemento autónomo de cada estudante.
- Individualizada, para que se axuste ás características do proceso de aprendizaxe de cada alumno e non dos alumnos en xeral.
- Orientadora, porque debe ofrecer información permanente sobre a evolución do alumno a respecto do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do currículo programado pretende como obxectivo principal a corrección das desviacións que se puidesen producir no proceso de ensino-aprendizaxe; desde este punto de vista, cando se avalíe se deben ter en conta:

- A adecuación dos obxectivos ás características de cada grupo.
- A idoneidade dos procedementos utilizados.
- A marcha das actividades programadas.

O seguimento da programación é un dos puntos que se deberán tratar sempre que se faga unha reunión do departamento.

No departamento de Economía un dos xeitos para avaliar a propia programación sería a través do cumprimento dos obxectivos programados para cada módulo. O feito de non acadar o cumprimento dos devanditos obxectivos daría lugar á revisión da metodoloxía utilizada, secuenciación de contidos, adecuación dos criterios de avaliación, e se son axeitadas ou non as medidas adoptadas para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

EN NOIA A 15 DE SETEMBRO DE 2018

MARÍA CASAL FERNÁNDEZ

XEFA DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA